

A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO



TOMO II./ ANO XIII./ 2002

Abril • Maio • Xuño

S E P A R A T A

gotelo blanco

O EXÉRCITO ISRAELITA DESMANTELA
O CENTRO CULTURAL DO POETA
PALESTINO DARWISH.
O INMOBLE FOI SAQUEADO PARA
ROUBAR DOCUMENTOS E
OBRAS DE ARTE

Miro Villar

O Exército israelita atacou en Ramala o centro cultural Jalil Sakatini, que dirixe o poeta nacionalista palestino Mahmud Darwish. O edificio foi danado por cargas de dinamita e saqueado polas forzas militares, nunha operación destinada a facer desaparecer un dos símbolos culturais máis importantes da identidade palestina, da mesma maneira que meses atrás se destruíron outros símbolos da autonomía como a residencia do presidente Arafat en Gaza, o edificio da televisión estatal ou a Casa de Oriente, a súa sede en Xerusalén.

O centro cultural Jalil Sakatini, situado na periferia de Ramala, orgullo da cultura palestina, quedou seriamente danado por seis cargas explosivas. Previamente, os soldados penetraran no inmoble para o saquear, levando arquivos, documentos e obras de arte. Os militares roubaron tamén no despacho do director do centro, o poeta Darwish.

O centro cultural Sakatini, inaugurado en 1996, ocupaba un nobre edificio de pedra de estilo árabe que foi construído en 1927 por unha das familias da aristocracia de Ramala, a de Jalil Salem Salah, da que un dos seus prominentes membros foi alcalde da cidade durante o mandato xordano. En 1995, a Autoridade Palestina mercou o edificio, coa axuda do Xapón, rehabilitouno, converténdoo nun centro de axitación cultural permanente e sede da revista literaria *Ao Karmel*, que dirixe Darwish.

A operación dos soldados israelitas continuou horas máis tarde coa súa entrada na morada da poeta. Darwish atópase desde fai varias semanas refuxiado no estranxeiro.

Con esta actuación, o Goberno de Israel quixo dar un escarmento a Darwish, considerado polos palestinos como o poeta nacional por antonomasia e cualificado por moitos como o Poeta da Intifada. En abril de 1988, catro meses despois de iniciada a primeira revolta, o Goberno israelita de Isaac Shamir iniciou unha ofensiva despiadada contra este intelectual por un poema titulado **Pasaxeiros entre as palabras efémeras**, que, en opinión do entón primeiro ministro, era «a expresión exacta dos obxectivos buscados pola banda de asasinatos organizados baixo o paraguas da OLP». Darwish pedía con este poema a saída dos ocupantes da súa terra: «Chegouvos o momento de partir, / onde vos pareza, / pero non entre nós».

PALABRAS DE MAHMUD DARWISH

O 24 de marzo de 2002, unha delegación de escritores membros do Parlamento Internacional de Escritores (PIE) chegou a Ramallah para se solidarizar coa Nación secuestrada. Foron eles Wole Soyinka (Nixeria), José Saramago (Portugal), Russell Banks (EEUU), Breyten Breytenbach (Suráfrica), Bei Dao (China), Juan Goytisolo (España), Vincenzo Consolo (Italia) e Christian Salmon (en calidade de Director do PIE).

O poeta palestino Mahmud Darwish deulles a benvida na sede do Centro Cultural Sakatini de Ramallah con estas palabras:

«É un pracer e unha honra para min darvos a benvida a esta terra nesta primavera sanguenta, unha terra que suspira polo seu antigo nome: a Terra do Amor e da Paz. A vosa valente visita no transcurso deste cerco monstruoso constitúe en si mesma unha forma de romper ese cerco. A vosa presenza aquí fai que xa non nos sintamos isolados. A través de vós, dámonos conta de que a conciencia do mundo, que con tanta honra vós representades, segue viva, de que é capaz de protestar e pórse do lado da xustiza. Así nos confirmades que aínda tedes un valioso papel que xogar na batalla pola liberdade e a loita contra o racismo. A responsabilidade sobre o destino da Humanidade non pode expresarse por medio do texto literario. En situacións de emerxencia e calamidades humanas, o escritor busca o papel moral que lle corresponde xogar mediante outras manifestacións públicas; un papel que consolida a súa propia integridade literaria e mobiliza a opinión pública ao redor de valores máis elevados, dos que o máis importante é a Liberdade. Esta é a lectura que facemos da nobre mensaxe que nos transmitistes hoxe: unha mensaxe de compaixón e solidariedade. Sei que os Mestres da Palabra non necesi-

tan exercicios retóricos ante a elocuencia do sangue. Así pois, as nosas palabras serán tan simples como os nosos dereitos: nacemos nesta terra, vimos dela. Non coñecemos outra nai, nin máis lingua materna que a súa propia. Cando nos demos conta de que esta é unha terra con demasiada historia e demasiados profetas, comprendemos que o pluralismo é un espacio no que todo colle, e non unha cela; entendemos que ninguén ten o monopolio sobre a terra, sobre deus, ou sobre a memoria. Sabemos tamén que a Historia non é nin xusta, nin elegante. Pero a nosa tarefa en canto que seres humanos consiste en humanizar a Historia, posto que somos as súas vítimas e a súa creación. Nada é tan evidente como a verdade e o dereito palestinos: este é o noso País; este pequeno anaco de terra é parte da nosa real e en absoluto mítica Pátria. Afnda que conte con todos os títulos de dereito divino que queira atribuírse para si, a ocupación é unha ocupación estranxeira: deus non é unha propiedade particular. Aceptamos as solucións políticas baseadas no principio de compartir as nosas vistas sobre esta terra dentro do marco de dous Estados para dous pobos. Simplemente, esiximos o noso dereito a vivir con normalidade, dentro dun Estado independente no territorio ocupado desde 1967 (incluíndo Xerusalén Este). Esiximos unha solución xusta ao problema dos refuxiados e a desaparición dos asentamentos coloniais. Este é o único camiño cara á paz que porá fin a este círculo vicioso de violencia.

»Á nosa situación actual é máis que evidente: non se trata dunha loita entre dúas formas de existir, tal e como lle gusta dicir ao goberno israelita (ou eles, ou nós). Trátase de acabar coa ocupación. A resistencia fronte á ocupación non é samente un dereito. É unha obriga nacional e humana que nos transforma, levándonos da nosa condición de escravos a un estado de liberdade. O camiño máis curto que pode pór fin aos desastres que están por vir e conducirnos á paz pasa por liberar aos palestinos da ocupación, e liberar á sociedade israelita da ilusión de que pode controlar a outro pobo. A ocupación non se conforma con privarnos das máis elementais condicións de liberdade. Ao declarar unha guerra constante contra os nosos corpos e os nosos soños, contra a nosa xente e as nosas árbores, e mediante a práctica de crimes de guerra, nos priva tamén das bases máis esenciais que nos permitan vivir como seres humanos. A ocupación non nos promete máis que un sistema de apartheid e a derrota da alma fronte á espada. Sufrimos, sen embargo, unha enfermidade incurable: a esperanza. A esperanza que temos posta na liberación e na independencia. A esperanza de levar unha vida normal na que non sexamos nin heroís nin vítimas, de que os nosos fillos poidan ir seguros á escola. A esperanza de que unha muller preñada poida dar a luz a un neno con vida, nun hospital, e non a unha criatura morta fronte a un posto de control do Exército. A esperanza de que os nosos poetas poidan ver a beleza do vermello nunha rosa, e non no sangue. A esperanza de que esta terra recupere o seu nome primixenio: a terra do Amor e da Paz. Gracias por axudarnos a cargar co fardelo da nosa esperanza».